

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

DATA: 30/05/2023

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 30/05/2023

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 30/05/2023

DATA 1ª REVISIÓN:

DATA 2ª REVISIÓN:

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	3
2. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO	3
3. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA	4
4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA	5
5. DECISIÓN DO CENTRO EDUCATIVO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA	8
6. MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTEN	10
7. MEDIDAS DE COORDINACIÓN ENTRE AS MATERIAS DE LINGUAS IMPARTIDAS NO CENTRO. IMPARTICIÓN DO CURRÍCULO INTEGRADO DAS LINGUAS.	12
8. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA	12
9. PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA	14
10. PLURILINGÜISMO	16
11. AVALIACIÓN	18

1. INTRODUCCIÓN

No CEIP Plurilingüe da Laxe de Marín téntase empregar a lingua galega para a comunicación entre o profesorado e o alumnado e, en xeral, entre todos os membros da Comunidade Escolar. Tamén é a empregada en todos os escritos que saen deste Centro.

Labor destacada, aglutinando os esforzos de profesorado, alumnado e demais membros da comunidade educativa, é a que realiza o Equipo de Dinamización da Lingua Galega, que ten como preocupacións fundamentais fomentar o uso do idioma galego en todas as situacións, a galeguización do ensino respectando a lexislación vixente, dar a coñecer ao alumnado a cultura galega celebrando efemérides tradicionais, festas locais e culturais, elaborando material didáctico en galego e todo aquilo que axude a manter vivas as tradicións e a cultura propias do noso pobo.

De acordo coa lexislación vixente (Decreto 79/2010 do 20 de maio para o Plurilingüismo), renóvase no presente curso académico este ***“Proxecto Lingüístico do Centro”***.

2. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO

Considérase que para revisar de xeito ben fundamentado este PLC era necesario levar a cabo un estudo sociolingüístico do entorno escolar. Así, elaborouse unha enquisa e os resultados da mesma acompañan este traballo como **Anexo IV**.

Partimos dunha realidade social na que conviven dúas linguas (galego e castelán) e na que o galego aparece en franca desvantaxe no seu uso habitual como lingua de comunicación. Despois de analizar os resultados podemos destacar o seguinte:

- Unha gran parte dos votantes (58,3%) ten como lingua materna o castelán. Por outro lado, unha porcentaxe menor, aínda que non con moita diferenza, afirma que é o galego (37,5%) e o restante ten como lingua materna outro idioma.
- A mostra recolle que a meirande parte (58,3%) é castelán-falante nos seus fogares, un 8,3% de falantes empregan soamente o galego, un 29,2% emprega

ambas linguas e os restantes falan outros idiomas.

- Aínda que semella que o alumnado non fala galego cos seus iguais no centro, un 33,3% si declara falalo e fóra do centro un 25%.
- A gran maioría dos participantes (83,3%) considera que o galego é importante para a súa identidade cultural.
- Un 66,7% pensa que o galego debería ter un maior uso no entorno escolar, os restantes cren que non ou non están seguros.
- Un 70,5% considera que a valoración e promoción do galego na escola é axeitada e suficiente, mentres que un 16,7% pensa que non é suficiente, os restantes votantes non teñen opinión formada sobre o tema.
- A maioría dos participantes (66,7%) concorda en que debería incrementarse a formación e promoción do galego entre os estudantes.

3. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Coa elaboración e posta en práctica do presente Proxecto Lingüístico pretendemos acadar os seguintes obxectivos:

- Empregar a lingua galega como medio de comunicación habitual nas relacións entre profesorado, alumnado, familias e demais membros da Comunidade Educativa.
- Dar a coñecer ao alumnado a variedade da cultura galega: costumes, tradicións, lendas, historia, folclore, gastronomía, celebracións e festas...
- Superar a discriminación social, individual ou colectiva derivada da infravaloración da lingua galega en algúns sectores sociais ata lograr a normalización plena do seu emprego.

- Lograr que as relacións, tanto orais como escritas, entre o centro, o entorno (familias, institucións, ANPA...) e mesmo outros centros de Galicia, se desenvolvan en lingua galega.
- Fomentar entre o profesorado e alumnado a cooperación e participación nas actividades que contribúen ao espallamento da cultura galega.
- Ampliar o coñecemento e enriquecemento do vocabulario e as diferentes variantes dialectais.
- Introducir o uso da lingua galega nos recursos tecnolóxicos e informáticos.
- Acadar paulatinamente competencias lingüísticas básicas no alumnado sen dominio lingüístico nas linguas oficiais, de xeito que poidan seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan.
- Espertar no alumnado unha defensa activa da súa lingua.
- Fomentar a creatividade e a lectura en lingua galega.

4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

- Empregar o galego na vida interna do centro e nas relacións coa comunidade educativa.
- Potenciar a lectura persoal e recreativa en lingua galega como medio de vincular afectivamente ao alumnado á nosa lingua e como medio de facer lectoras e lectores adultos. Favorecerase o contacto con escritoras e escritores en lingua galega.
- Favorecer o emprego do galego por parte do alumnado nos momentos da escolarización non regrada.
- Poñer a disposición do profesorado tanta información e medios sexa posible para conseguir unha efectiva normalización no uso do idioma galego.
- Favorecer a integración de alumnado non galego no emprego da nosa lingua e no coñecemento da cultura galega.
- Fomentar a participación nas distintas actividades propostas polo Concello, a

Coordinadora do EDLG e outras institucións que potencien o uso da lingua galega.

OBXECTIVOS RESPECTO Á CONTORNA

- Valorar positivamente o uso da lingua en calquera contexto.
- Coñecer a nosa cultura e patrimonio natural.
- Recoñecer e participar nas celebracións tradicionais.

OBXECTIVOS RESPECTO AO PROFESORADO

- Usar a lingua galega na nosa vida cotiá, en particular no ámbito escolar.
- Promover o uso da lingua galega en todas as actividades de tradición cultural.
- Empregar a maioría do material pedagóxico - didáctico en galego.
- Utilizar recursos educativos en galego.
- Diseñar actividades que dean pulo ao uso do galego nos distintos estamentos da comunidade educativa.
- Promover a lingua galega a través das TIC.
- Mellorar a competencia lingüística do profesorado.
- Poñer a disposición do profesorado todos os medios posibles para conseguir unha efectiva normalización no uso do galego.

OBXECTIVOS RESPECTO AO ALUMNADO

- Acadar unha boa competencia lingüística na lingua galega, tanto a nivel oral como escrito.
- Adquirir unha boa predisposición para ler en galego.
- Favorecer o emprego do galego nas situacións cotiás da vida escolar.
- Valorar positivamente o uso da lingua galega en calquera contexto,

eliminando estereotipos e prexuízos sociais.

- Utilizar as TICS como recursos e ferramentas para favorecer o interese pola lingua e divulgar a cultura pola rede.
- Favorecer o contacto con escritoras e escritores en lingua galega.

OBXECTIVOS RESPECTO AO CENTRO

- Intercambiar coñecementos e experiencias cos demais centros.
- Enriquecer os recursos do centro.
- Ampliar o fondo bibliográfico do centro.
- Favorecer a participación das familias do alumnado nas actividades lúdicas e educativas do centro.
- Dar a coñecer a toda a comunidade escolar o decreto sobre a regulación do uso e promoción da lingua galega.
- Involucrar a toda a comunidade educativa nas actividades do centro.
- Favorecer a presenza de asociacións deportivas, culturais e musicais no centro.
- Promover a integración do alumnado non galego no emprego da nosa lingua.
- Participar en actividades culturais ou deportivas organizadas por outros organismos: asociacións, concello...
- Potenciar e promover o uso da lingua galega en todas as actividades do centro.
- Velar polo compromiso de que todos os comunicados se realicen en lingua galega.
- Manter vivas as tradicións con celebracións como Magosto, Samaín, Entroido...
- Levar a cabo campañas de fomento de xogos tradicionais galegos: billarda, trompos, mariola...
- Levar a cabo visitas culturais: parques etnográficos, castros, museos, portos, vilas... e outras instalacións que promovan a defensa da cultura galega.

- Facer intercambios con outros centros de ensino de Galicia.
- Organizar certames de poesía, pintura, narrativa, ensaio... en lingua galega.
- Realizar o mantemento da páxina web, elaborada na súa totalidade en galego.
- Publicitar en redes sociais as actividades que se levan a cabo en lingua galega.

5. DECISIÓN DO CENTRO EDUCATIVO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA MATERNA EN ED. INFANTIL

De acordo co indicado no Decreto 79/2010 do 20 DE MAIO *"o profesorado empregará nas aulas de Educación Infantil a lingua materna predominante, tendo en conta a lingua do contorno e coidando que o alumnado adquira de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial. A lingua materna maioritarias será a determinada mediante a enquisa, empregando o modelo oficial, que se entregará ás familias"*.

Tendo isto en conta establécense para o CEIPP da Laxe as seguintes pautas de actuación para determinar a lingua a empregar nas aulas de E.I.:

- **Entrevista inicial coas familias e enquisa para os pais/nais** (empregando o modelo oficial): antes de que o alumnado de tres anos acceda por primeira vez ao centro, levarase a cabo unha entrevista inicial coas familias do alumnado. En dita entrevista observarase a lingua de comunicación empregada nas familias, e solicitarase ás familias información en relación á lingua empregada habitualmente na casa.
- **Observación inicial do grupo de alumnos e alumnas durante os primeiros días:** mediante a observación dos momentos de comunicación entre iguais por parte do alumnado, obteranse datos relativos aos usos lingüísticos e lingua materna predominante no alumnado.
- **Estudio sociolóxico do Centro e o do entorno educativo:** terase en conta a situación lingüística no centro do alumnado en xeral, de xeito que se poidan obter datos relativos á lingua vehicular predominante no Centro. Do mesmo xeito, recolleranse os

mesmos datos en relación ao contorno educativo do centro (ANPA, entidades colaboradoras, familias...)

- **Outra serie de datos que se poidan recoller respecto aos usos lingüísticos e da lingua materna predominante** de acordo a elementos como: o mapa sociolingüístico de Galicia, datos estatísticos oficiais, estudos realizados por diferentes entidades ao respecto.
- Cada curso académico **farase constar o resultado desta decisión na addenda ao proxecto lingüístico**, que será incluída na Programación Xeral Anual.

EDUCACIÓN PRIMARIA (Decreto 155/2022)	1º EP		2º EP		3º EP		4º EP		5º EP		6º EP	
	H	LI	H	LI	H	LI	H	LI	H	LI	H	LI
Ciencias da Natureza	3	G	2	G	3	G	2	G	3	G	2	G
Ciencias Sociais	2	G	3	G	2	G	3	G	2	G	2	G
Educación Física	2	G	2	G	2	G	2	G	2	G	2	G
Lingua Castelá e Literatura	4	C	4	C	4	C	4	C	4	C	4	C
Lingua Estranxeira	2	I	2	I	3	I	3	I	3	I	3	I
Lingua Galega e Literatura	4	G	4	G	4	G	4	G	4	G	4	G
Matemáticas	5	C	5	C	4	C	4	C	4	C	4	C
Música e Danza	1	C	1	C	1	C	1	C	1	C	1	C
Educación Plástica e Visual	1	G/I	1	G/I	1	G/I	1	G/I	1	G/I	1	G/I
Relixión/Proxecto Competencial	1	C	1	C	1	C	1	C	1	C	1	C
Educación en Valores Cívicos e Éticos											1	G
CASTELÁN (%)												

6. MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTEN

- Realizar a lectoescritura indistintamente en ambas linguas, pois é moi doada a transferencia dun código ao outro.
- Empregar ambas linguas oficiais de xeito oral, tanto polo alumnado coma polo profesorado, pois unha lingua que non se fala é unha lingua morta.
- Ofrecer modelos e exemplos axeitados. A mestra ou o mestre é un modelo lingüístico clave no proceso de normalización e debería procurar acadar a mellor competencia así como transmitir con entusiasmo as vantaxes de dominar varias linguas.
- Prestar especial atención ao alumnado que se incorpora ao sistema educativo galego procedentes doutras comunidades autónomas ou do estranxeiro.
- Levar a cabo os reforzos axeitados. O reforzo educativo do alumnado procedentes do estranxeiro estará a cargo do profesorado de apoio ao alumnado estranxeiro ou daqueles mestres que teñan dispoñibilidade horaria.

Os reforzos en lingua galega ou en lingua galega e lingua castelá, segundo o caso, levaranse a cabo :

- o Pola mestra ou o mestre titor.
 - o Polo profesorado dispoñible para apoio ou reforzo ordinario.
 - o Cun reforzo extraordinario, de ser o caso.
- Crear aprendizaxes significativos. A aprendizaxe da lingua partirá de situacións reais de comunicación. O alumnado participa en interaccións auténticas, empregando a lingua como se emprega na aula.
 - Promover a participación en xogos e dramatizacións.

- Organizar actividades ao longo do ano na que convivan as tres linguas: galego, castelán e inglés.
- Fomentar a lectura dedicándolle tempo lectivo tanto nas áreas lingüísticas como nas non lingüísticas.
- Facer lectura no espazo da biblioteca: Contacontos de aula. Dramatizacións das lecturas feitas.
- Elaborar fichas bibliográficas para que coñezan os autores e as súas obras.
- Realizar charlas literarias a nivel infantil.
- Levar a cabo dinamizacións das exposicións temáticas das áreas.
- Fomentar e usar as tecnoloxías para o visionado e a realización de actividades.

Nos casos nos que unha nena ou un neno non teña o suficiente dominio lingüístico nas linguas oficiais levaranse a cabo unha serie de medidas encamiñadas a conseguir a correcta competencia lingüística. Así, farase unha avaliación inicial da competencia lingüística do alumno ou alumna cando chegue ao centro, e contarase coa colaboración das familias (que serán informadas do proceso) e demais membros do Equipo de Ciclo.

Obxectivos:

- Comunicarse cos iguais e co profesorado.
- Perder o medo "a facer o ridículo" e falar aínda que cometa erros, recoñecendo que estes erros son os que serven para mellorar as súas competencias.
- Acadar outras habilidades comunicativas non verbais (xestos e outros elementos comunicativos non orais).
- Aceptar a necesidade de falar as linguas do lugar onde viven como vía para comunicarse e establecer relacións coas compañeiras e os compañeiros e coas mestras e os mestres.

En coordinación co titor, e tendo en conta a idade e coñecementos previos do alumno, atenderase ao seguinte criterio:

- ***Priorizar a aprendizaxe da lingua oral sobre os demais obxectivos:*** sobre todo aqueles que supoñan o coñecemento da lingua para poderen ser conseguidos. Polo tantos obxectivos relativos a hábitos, normas, valores, colaboración, participación, traballo en grupo... mantéñense no nivel de prioridades indicado na programación. Outros obxectivos poderán ser rebaixados "en prioridade" en relación á consecución das

competencias lingüísticas, sobre todo como requisito indispensable para a consecución axeitada de obxectivos nos seguintes niveis educativos.

- En canto ás actividades propostas, e sempre tendo en conta os datos obtidos da avaliación inicial teranse en conta os seguintes aspectos:
 - Buscar unha finalidade comunicativa nas tarefas plantexadas.
 - Empregarase unha linguaxe simple e sen caer no simplismo.
 - Empregaranse diferentes medios (TIC, audiovisuais...) para acadar os obxectivos propostos.

O titor, avaliará de xeito continuo o proceso de adquisición das competencias lingüísticas, para incluír as melloras que sexan necesarias.

7. MEDIDAS DE COORDINACIÓN ENTRE AS MATERIAS DE LINGUAS IMPARTIDAS NO CENTRO. IMPARTICIÓN DO CURRÍCULO INTEGRADO DAS LINGUAS.

Procurarase, na medida do posible, a coordinación entre as linguas impartidas para integrar os contidos.

8. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA

A. COMPOSICIÓN

Forman o EDLG tres mestres de distintas etapas e niveis, unha delas é a coordinadora.

B. FUNCÍONS

I. COORDINADOR/A

Son **competencia da coordinadora:**

- a) Colaborar na elaboración dos proxectos curriculares de etapa.
- b) Responsabilizarse da redacción dos plans que han de ser propostos á comisión de coordinación pedagóxica.

- c) Convocar e presidir as reunións do equipo.
- d) Responsabilizarse da redacción das actas de reunión, así como da redacción da memoria final de curso, na que se fará unha avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria do centro.
- e) Proporcionar aos membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións culturais relacionados coa realidade galega.

II. EQUIPO

Levarase a cabo unha reunión mensual e dúas extraordinarias: unha a comezo e outra a final de curso.

É **competencia do equipo de dinamización lingüística:**

1. Presentar a través do claustro, propostas ao equipo directivo para a fixación dos obxectivos de dinamización lingüística que se incluírán no proxecto educativo de centro.
2. Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, polo menos:
 - a) Medidas para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro.
 - b) Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
3. Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore... no ensino.
4. Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.
5. Presentar para a súa aprobación no consello escolar o orzamento de investimento

dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.

6. Aqueloutras funcións que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade contemple na súa normativa específica.

9. PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

No CEIPP da Laxe, co obxectivo de dinamizar o uso da lingua galega, realízanse diversas actividades, que se especifican nos apartados que se indican a continuación, dirixidas a toda a comunidade educativa e coordinadas polo EDLG:

- Actividades e tarefas realizadas dentro das aulas.
- Música diaria en galego. A través do fío musical do centro reproduciranse diferentes cancións en galego para indicar a entrada e saída ó centro, así como os cambios de sesión. Ademais, estas estarán relacionadas coa estación, conmemoración ou momento do curso no que se emitan.
- Celebración das festas populares e tradicionais:
 - Magosto: que se celebra a finais de outubro. Na semana do Magosto decóranse os corredores e realízanse traballos alusivos a esta festa: murais, poemas, ensaios, traballos de investigación...
 - Samaín: arredor das efemérides de Santos e Defuntos, realízanse actividades como: obradoiro de cabazas, concurso de disfraces con premios para os máis orixinais...
 - Nadal: Celebración da festa de Nadal, co acordado cada ano.
 - Entroido: Elaboración de disfraces e ensaio dunha coreografía dunha canción en galego para a participación nun desfile no colexio.
 - Enterro da sardiña: con motivo da tradición propia da vila, lévase a cabo un acto relacionado coa mesma: vélese á sardiña, realízase unha procesión ou marcha fúnebre arredor do centro chorando polo citado peixe e, por último, rézase unha ladaíña, na que se recitan unhas verbas na honra da sardiña.

- Sal3n do libro: Participaci3n por parte do alumnado do centro no "Sal3n do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra", realizando un traballo sobre o tema proposto cada ano para a s3a posterior exposici3n no Sal3n e logo na Biblioteca do centro.
Tam3n se participa nas actividades propostas pola organizaci3n do Sal3n durante a visita ao mesmo (contacontos, t3teres, exposici3n de traballos...) para potenciar o uso do galego.
- Semana das Letras Galegas: elaboraci3n de traballos alusivos que se expo3nen nos taboleiros do colexio e traballos diversos e de investigaci3n sobre o homenaxeado ou homenaxeada.
- Emprego de material multimedia, segundo o indicado no plan de dinamizaci3n das TIC, como recurso educativo en galego, contamos con EDIXGAL en 5º e 6º curso, tentarase, na medida do posible, introducir na din3mica diaria das aulas materiais inform3ticos, multimedia e internet en lingua galega.
- Uso da radio escolar, ferramenta indispensable para o fomento da lingua galega, as3 como dos diversos materiais ofertados dentro do programa "Polos Creativos".
- A p3xina web do centro. Nela realizaranse todas as publicaci3ns en lingua galega e ser3 empregada por toda a comunidade educativa. Animaci3n 3 lectura: sesi3ns de contacontos, charlas e conferencias, lecturas entre alumnado de diferentes etapas e/ou niveis...
- Abalar. A trav3s desta plataforma de comunicaci3n, o profesorado porase en contacto coas familias e realizar3 as notificaci3ns e avisos pertinentes en lingua galega.
- Emprego da lingua galega na realizaci3n das actividades extraescolares. A ANPA, ao longo do curso acad3mico, organiza diversas actividades encami3adas a ampliar a formaci3n do alumnado.
- Dotaci3n de fondos e diverso material en lingua galega para a biblioteca escolar (libros, revistas, DVDs, xogos de mesa...).
- Sa3idas culturais encami3adas ao co3ecemento da lingua galega e a cultura galegas. Ao longo do curso l3vanse a cabo unha serie de sa3idas culturais, co co3ecemento do Claustro e aprobadas polo Consello Escolar co obxectivo de co3ecer e afondar na

cultura galega. Coordinadas polo Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares. Estas saídas distribúense ao longo de varios cursos coa finalidade de que os alumnos/as acaden un coñecemento paulatino de Galicia. Como exemplo as realizadas nos últimos cursos:

- Visitas a Santiago de Compostela (Museo do Pobo Galego, Parlamento, Catedral,...)
 - Visita a A Coruña (*Acuarium*, planetario, Domus, torre de Hércules, ...).
 - Visita a O Grove (acuario, Siradella, catamarán,...).
 - Visitas a Pontevedra (Museo, estación de tren, Salón do Libro, actividades de Afundación)
 - Visita a Vigo (zoo, Naturnova, Museo do Mar, Samil).
 - Visitas ao Parque Arqueolóxico de Campo Lameiro.
 - Visita a Bueu: mercado, museo...
 - Visitas a granxas: Kiriko, Serantellos..
 - Outras de diversa índole ao entorno próximo: Petroglifos de Mogor, Castro de A Subidá, Museo do Mar, Granxa de Briz, saída ás praias...
- Redes sociais, para dar a coñecer as actividades que se realizan e promocionalas, sempre serán en lingua galega.
 - PDI. Cada ano traballarase sobre un tema elixido a finais do curso anterior, para que sexa o fío conductor do curso académico e profundizar no seu coñecemento.

10. PLURILINGÜISMO

Dende o noso centro somos conscientes da importancia de dotar ao alumnado das competencias plurilingües e pluriculturais necesarias para os retos que se plantexan na nosa sociedade. Os beneficios do plurilingüismo pasan por ampliar as destrezas do alumnado co fin de que se lle abran portas formativas e laborais. Algúns expertos sosteñen que as nenas e nenos expostos a varios idiomas son máis creativos e desenvolven mellor as habilidades de resolución de problemas. Polo tanto, facemos

unha forte aposta por lograr non só que os escolares acaden un bo desenvolvemento da competencia educativa semellante nas dúas linguas oficiais, castelán e galego, senón tamén unha boa competencia ao menos nunha lingua estranxeira, para isto é imprescindible partir do enfoque comunicativo, segundo o cal unha lingua ademais de obxecto de aprendizaxe é o instrumento básico para elaborar, recompilar e organizar os coñecementos. De aí a presenza no ámbito escolar das tres linguas que son empregadas como vehículos de ensino. A implantación das seccións bilingües en primaria ven precedido dun acercamento á lingua inglesa dende idades temperás, xa que no noso centro levamos anos coa implantación da anticipación do inglés en infantil, por iso nos propuxemos ir incrementando as horas de clase nesta lingua co fin último de acadar 1/3 do currículo do alumno impartido en lingua estranxeira, como se recolle no Decreto do plurilingüismo.

A día de hoxe, dende o curso 2022-2023, o centro conta co distintivo de Plurilingüe. Este programa comézase a impor dende 1º de Educación Primaria, nos vindeiros anos implementarase nos seguintes cursos sucesivamente, ata estar implementado por completo en toda a etapa de primaria. Do mesmo xeito, ao contar coas condicións necesarias, o centro dispón tamén de Plurinfantil, en toda a etapa de Educación Infantil.

A. PROGRAMAS ESPECÍFICOS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO (CON NEAE)

O presente apartado abrangue aquelas medidas de carácter organizativo e curricular que sexa preciso desenvolver no caso de alumnado que presenten un déficit lingüístico ou insuficiente dominio das linguas.

O primeiro paso na detección de necesidades é a mestra titora ou titor, que a partir da avaliación inicial e continua, identificará as necesidades existentes e aplicará as medidas preventivas e de axuste ordinario ao seu alcance. Cando a valoración de necesidades desborde as posibilidades da titora ou titor, este recorrerá ao Departamento de Orientación que levará a cabo a preceptiva avaliación psicopedagóxica regulada na Orde do 8 de setembro de 2021.

A partir da detección e valoración inicial das necesidades organizaranse os apoios e estableceranse as medidas pertinentes, tanto de apoio en aula por parte do

profesorado que teña horas dispoñibles como do profesorado de Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe se fora preciso.

Subliñar que no caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo o ensino desenvolverase na súa lingua materna, sen prexuízo de que progresivamente poidan aprender a segunda lingua, previa valoración individual de cada caso.

Para o alumnado estranxeiro, o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario en Galicia, establece que a administración elaborará un plan dirixido ao alumnado con necesidades educativas especiais, que asegura a capacitación lingüística nas linguas oficiais. Por outro lado, dispoñemos na citada Orde do 8 de setembro de 2021, as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro, segundo a cal o alumnado que descoñeza ambas linguas cooficiais, poderá incluírse en grupos de adquisición de linguas a partir do último curso de EI (6º EI) e ata 6º de EP.

B. SECCIÓNS BILINGÜES

O centro conta actualmente con 5 seccións bilingües. Impártese a materia de Ed. Plástica en galego e inglés. Ademais, cóntase cunha auxiliar de conversa que favorece o fomento da lingua inglesa.

11. AVALIACIÓN

Coa fin de facer chegar o contido deste proxecto a toda a comunidade escolar, poñerase a disposición da comunidade educativa na páxina web do centro, de xeito que poidan facerse suxestións que permitan a súa mellora na seguinte revisión do mesmo.

Cada catro anos será reelaborado e remitido á Inspección Educativa, que velará para que o seu contido se axuste ao establecido no Decreto 79/2010 de 20 de maio.